



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa dos Basquiños 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo: adega@adega.info

Páxina electrónica: www.adega.info

ESCRITO DE DENUNCIA

VERTEDURAS DE MUNICIÓN CON CHUMBO AO RÍO ULLA (LIC SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA)

Fins Eirexas Santamaría, DNI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), CIF G-15044811, con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños 9, baixo, 15704 de Compostela, ven de expoñer os seguintes feitos que son obxecto de DENUNCIA:

Os perdigóns provintes dun campo de tiro situado no lugar de Lapido, parroquia de Herbón (Padrón) caen por centos ao río Ulla, contaminando con metais pesados este espazo da Rede Natura do que se abastecen milleiros de persoas da contorna de Padrón e o Barbanza. Dase a circunstancia de que os proxectís impactan tamén nunha zona recreativa do río usada por bañistas e practicantes de deportes acuáticos que corren o risco de ser alcanzados polos perdigóns.

O uso de munición con chumbo en Galiza está regulamentada pola Resolución da Consellería de M. A. de 10 de outubro de 2008 (BOE 201 de 16 de outubro de 2008). Curiosamente, a norma fai referencia ao "exercicio da caza", á munición de perdigóns e á prohibición de facelo nunha serie de humedais. Non afecta portanto, en sentido estrito, ao deporte do tiro, nen tampouco a postas e balas, só a cartuchos con perdigóns.

Por outra banda, na listaxe de humedais onde se prohibe a caza con perdigóns de chumbo figura o Esteiro do Ulla, que chega até pouco despois da ponte da estrada Padrón-Cesures, á altura do entronque coa canle do Sar. Queda fóra portanto, o treito de río augas arriba no que teñen lugar as caídas de chumbo (lugar de Lapido e Sextas Pesqueiras), malia a formar parte da Rede Natura 2000 (Sistema fluvial Ulla-Deza).

Os ecoloxistas temos denunciado que estas prácticas, insuficientemente reguladas, incumpren a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (art. 62, 3, j), o convenio RAMSAR e o convenio internacional sobre aves acuáticas migratorias, subscrito por España en 1996. A este respecto, o "Defensor del Pueblo" admitiu a queixa da SGHN (nº de expediente 09018670) e emitíu un ditame instando á Xunta a derrogar a resolución e a

estender a prohibición a todos os humidais, LICs, ZEPAS e espazos protexidos incluíndo tamén outros tipos de munición.

Por todo isto dende ADEGA SOLICITAMOS da Xunta que derroque ou modifique a resolución de 10 outubro de 2008 para estender a prohibición a todos os espazos protexidos, a todos os tipos de munición con chumbo e a todo tipo de prácticas de tiro ou caza.

Solicitamos tamén que Augas de Galiza prohiba de xeito cautelador estas prácticas ao abeiro do artigo 62, 3, j da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, mentres non se fan efectivas as modificacións pertinentes na lexislación autonómica.

Compostela, 27 de agosto de 2012,

Asdo. Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR. PRESIDENTE DE AUGAS DE GALIZA
CONSELARÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**